

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/15	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «APROBACIÓN PROXECTOS POS»
Data	17 de novembro de 2019
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:18 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	NON
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		
1. MANUELA BARCIA VÁZQUEZ: «NON HAI ASUNTOS ECONÓMICOS»		
1. MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO: «ENFERMIDADE»		



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1036/2019. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DEBATE

Introduce o punto o Sr. Alcalde presentando brevemente a proposta, facendo referencia a que se solicitarán en total 697.749 euros de subvención, repartida en investimentos en obras e, por outro lado, gasto corrente, para atender servizos ampliados e de nova implantación.

En canto ós proxectos de investimento, son dez grandes proxectos, definidos en base ás achegas dos veciños e ás achegas feitas polos diversos grupos políticos, moitas delas coincidían coas previstas polo grupo de goberno. Estes proxectos están destinados fundamentalmente a manter infraestruturas existentes, prevéndose arranxo de pavimentacións e viarios, espazos públicos (paseos fluviais e marítimos) e edificios de titularidade municipal.

A continuación toma a palabra a voceira do Partido Popular facendo referencia a que no Pleno ordinario do mes de outubro o seu grupo presentou unha moción na que se instaba ó goberno a incluír en plans diversos un total de 32 actuacións que se consideraban necesarias, moción que foi aprobada; pero criticábase que se ben o número de actuacións que se recollen nesta solicitude do POS é o acordado, non así o alcance desas actuacións, recalcando que se espera que se acometan no tempo pactado as que se exclúen. Recalca a non inclusión de determinadas obras (como a praza de Valadares) ou a retirada das escaleiras do Albán.

Outras cuestións non relativas ás actuacións, son, por exemplo, incoherencia da inclusión de case 100.000 euros en gasto corrente, cando en anos anteriores isto foi algo moi criticado polo grupo de goberno, antes na oposición.

E tamén fai referencia a que lles gustaría saber en base a que criterio se incrementan os proxectos do "POS COMPLEMENTARIO" en máis dun 32% do 50% de mínimo que fixan as bases.

E destacan a pouca rigurosidade coa que se levou a cabo o trámite deste expediente e o pouco tempo para examinar a documentación e os proxectos.

Tras criticar a inexistencia, polo momento, dunha proposta de orzamentos para o ano 2020, finaliza a súa intervención adiantando a súa abstención, xa que aínda que están de acordo con moitas obras das propostas, estiman que non poden ser partícipes doutras delas, como se referiu ó principio da súa intervención.

A continuación toma a palabra o Sr. Anxo Núñez, que avanza que o seu grupo vai a



presentar unha emenda, e que lle semella indignante a forma de proceder do equipo de goberno, que puxo ó seu dispor os proxectos con menos de 24 horas de antelación á celebración do Pleno. Critica, igualmente, o pouco diálogo co que o equipo de goberno está a desenrolar as súas actuacións. E engade unha profunda crítica á retirada das escaleiras do Albán, posto que o seu arranxo é unha das súas maiores propostas, retirada acordada sen o mínimo debate, dunhas escaleiras que hai poucos anos custaron uns 100.000 euros.

Por iso presentan a súa emenda, relativa ó proxecto “Arranxo do paseo fluvial da Serra e Outes”, propoñendo retirar o punto 3º, do segmento 2º da memoria, relativo á retirada das escaleiras do Albán.

Puntualiza que se ve con bos ollos a inclusión de determinadas obras propostas polo seu grupo.

E finaliza facendo referencia a que se a documentación está asinada con data do venres 13 de decembro, non se puxese a documentación ó seu dispor con anterioridade.

Por último toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón, coincidindo na premura coa que se puxo a disposición a documentación do expediente. Engade, que a pesar de estar de acordo coa realización de obras, só se inclúen tres das dez propostas propostas polo seu partido, amosando o seu descontento porque as outras obras foran calificadas como “nimiedades” que se podían facer por persoal do Concello, polo que espera que igualmente sexan realizadas.

Contéstalle o Alcalde, en primeiro lugar ó Partido Socialista, que ninguén do equipo de goberno utilizou a palabra “nimiedade” se non que non se precisaba proxecto, polo que non tería entidade para formar parte do POS aínda que sexa necesario. Pero que sí se esperan facer.

En segundo lugar, en contestación á intervención do BNG, recalca que o 5 de decembro se enviou unha listaxe das obras incluídas, e alí falouse longo e tendido sobre elas, e coinciden enormemente aínda que non sexa en todo; engade que o BNG se tiña comprometido a finais de outubro a mandar as súa sobras propostas, e non había dita proposta, que chegou a mediados de novembro. E fai fincapé que a documentación estaba ó dispor o venres anterior, agás un proxecto que si se subiu con 24 horas de antelación.

E en canto á intervención do Partido Popular, enténdese polo goberno que se fan as actuacións pedidas, e que sí se cumpre co pedido polo seu partido e que, de non ser así, poderán facerse máis fases. E en canto ó POS COMPLEMENTARIO, fíxose así porque iso foi o sinalado polos técnicos da Deputación. E sí que os proxectos poderían estar antes, e ese sería o seu desexo, pero iso é cuestión da empresa redactora e ocorre así de sempre, e, aínda así, as obras sí están definidas con rigor.

Respecto das escaleiras do Albán, sinala que na actualidade son un auténtico perigo, e na actualidade non se poden rehabilitar, sexa como sexa hai que retiralas. Polo que entende que non cabe aceptar a emenda.

No súa segunda quenda, Dª María Beatriz fai referencia a que non lle parece de recibo que se responsabilice á empresa redactora, cando o feito de que os proxectos estean a tempo é responsabilidade do goberno.

Pola súa banda, o BNG reitera que non tivo acceso á documentación até o día antes do



Pleno, o que é enormemente problemático. E respecto da retirada das escaleiras do Albán, reafirmase en que non o consideran positivo, e menos coa ausencia dun informe técnico que, de habelo, o seu grupo non ten coñecemento; reitera polo tanto a presentación da emenda.

Por último o voceiro do Grupo Mixto-PSOE refírese a que non entende que se se sabe que as escaleiras do Albán están ruinosas, no momento pasado no que él propuxo que a baranda do paseo de Pontenafonso en aceiro inoxidable, esta posibilidade non quixo nin barallarse; e finaliza dicindo que non vai entrar no fondo da emenda proposta polo BNG.

Para finalizar, puntualiza o Alcalde que de prosperar a emenda habería que modificar o proxecto respectivo e, en consecuencia, sen tempo de redactar outra actuación, eso implicaría a perda dos recursos destinados á mesma.

Finalizado o debate, prodúcese a **votación da emenda**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra.
- PP: 5 abstencións.
- BNG: 1 voto a favor (1 ausencia).
- Grupo Mixto-PSOE: 1 abstención.

Trala votación toma a palabra a voceira do PP, aclarando que se absteñen non porque estean de acordo coa retirada das escaleiras do Albán, se non porque non queren baixo ningún concepto que poida haber algún problema cos trámites perante a Deputación da Coruña.

E pola súa parte, o Sr. Núñez pide que nun futuro sí exista consenso.

Procédese a continuación á **votación da proposta inicial** da solicitude do POS + 2020, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor.
- PP: 5 votos a favor.
- BNG: 1 voto a favor (1 ausencia).
- Grupo Mixto- PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte

ACORDO

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación,



separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020” e “achega provincial 2019”.

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-	-	-
Subtotal pago a provedores	-	-	-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	99.814,14 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	-
Subtotal gasto corrente	99.814,14 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
PAVIMENTACIÓN VIARIOS NÚCLEO DE CUNS (CANDO) E OUTRO	44.701,66 €		44.701,66 €
CAMIÑO DE LESTAIO A TERELLE E OUTROS	86.160,62 €		86.160,62 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020			130.862,28 €



ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACIÓN EN CARLEO DE ARRIBA E OUTROS	55.825,80 €		55.825,80 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019			55.825,80 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
-	-	-	-
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	-	-	-

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		-

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
Achega	-	-	-



A- PAGO A PROVEDORES	2019			
	Achega 2020	-	-	-
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	99.814,14 €	-	99.814,14 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	-	-	-
C- INVERSIONES	Achega 2020	130.862,28 €		130.862,28 €
	Achega 2019	55.825,80 €		55.825,80 €
	Préstamo 2020	-	-	-
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2020	-	-	-
TOTAL	Achega 2020	230.676,42 €		230.676,42 €
	Achega 2019	55.825,80 €		55.825,80 €
	Préstamo 2020	-	-	-
	TOTAL	286.502,22 €		286.502,22 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes



proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DA ANTIGA ESCOLA DE TARÁS	36.868,34 €
ACONDICIONAMENTO NA SEDE DO CLUBE DE REMO TAXAMAR	35.841,47 €
ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DE OUSESENDE A DIZ (SAN OURENTE) E OUTROS	55.112,48 €
PAVIMENTACIÓN EN NÚCLEO BRIÓN DE ARRIBA E OUTROS	78.357,70 €
PAVIMENTACIÓN RÚA DA BRAÑA NO CONCHIDO E OUTRO	50.695,99 €
ACCESO A MOSTEIRO (SABARDES) E OUTRO	70.918,87 €
ARRANXO PASEO FLUVIAL DA SERRA E OUTROS	83.451,95 €
TOTAIS	411.246,80 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do



presente acordo e o correspondente expediente.”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Remata a sesión ás 21:18 do que, como Secretaria, dou fe.

A gravación do presente Pleno poderá consultarse no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=Q3gASzP7S5s&t=2200s>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

